



Dende fai anos, o BNG de Teo ven insistindo diante do concello na necesidade de prestar ás estradas do concello unha atención especial no que se refire á súa conservación e a incrementar as medidas de seguridade para as persoas.

Pese á nosa insistencia, moi pouco ou nada se ten avanzado neste aspecto como consecuencia da desidia e o desinterese do concello. Por este motivo, dente o BNG de Teo vimos impulsando unha campaña para mellorar a rede de estradas municipal , con especial énfasis no que atinxe á seguridade dos peóns, e, como parte desta campaña, vimos colocando naquelas estradas especialmente descoidadas ou inseguras una série de sinais coas que pretendemos chamar a atención dos veciños sobre a perigosidade da estrada e do goberno municipal sobre a necesidade urxente de actuar na mellora das súas condicións.